



CARTA

*do reitor
ao PDI*

Benqueridos compañeiros e compañeiras,

Son tempos difíciles os que estamos a vivir e espero que tanto vós como as vosas familias **vos atopedes ben de saúde.**

Envíovos esta carta porque como todos e todas sabedes aínda quedan moitos datos por coñecer e precisamos dun esforzo combinado para poder rematar con éxito este curso. Non sabemos ata cando durará o estado de alarma, nin en que momento nin en que condicións poderemos volver á docencia presencial. O que si semella claro é que o curso académico 2019/2020 non vai ter máis clases presenciais, agás que se nos permita regresar ás aulas na segunda quincena de maio.

No caso de que exista a posibilidade de facer exames presenciais, haberá que extremar as precaucións, polo que probablemente haxa que reorganizar as probas de xeito que non se acumulen as persoas nunha mesma sala nin nos corredores para garantir a súa seguridade.

Cos datos que temos actualmente, o equipo de goberno está traballando en varias liñas.

A primeira ten que ver coa **fenda dixital**. Imos tentar ofrecerlle solucións ao estudantado que ten dificultades para seguir o curso a través de Faitic, Campus Remoto e outras iniciativas particulares. Os decanatos e as direccións dos centros proporcionáronnos unha listaxe das persoas que non teñen datos suficientes ou carecen do soporte informático necesario. Durante a vindeira semana, ofrecerémoslle unha solución ao estudantado que está nesa situación.

A segunda cuestión na que estamos a traballar ten que ver coa **reprogramación do curso**. Hai un mes, xa vos pediamos que traballáredes na reformulación das guías docentes para acomodalas ao novo escenario. Vimos de realizar un cambio no procedemento de aprobación das guías docentes para que resulte máis doado e estamos en contacto coas axencias de calidade e coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para evitar calquera problema. Neste momento, pídvos que ao modificar as guías consideres a posibilidade de que xa non se poidan impartir máis clases presenciais. Gustaríame tamén que teñades en conta que a avaliación podería ter que facerse a través de exames a distancia e que os vaiades programando por se fora necesario.

Desde o final de Semana Santa ata o remate do curso, todo o profesorado deberíamos optar por utilizar alomenos unha das dúas ferramentas dispoñibles para axudar o estudantado a sacar adiante as materias nas que estea matriculado. Como sabedes, podedes optar por Faitic cunha semipresencialidade ou por Campus Remoto, unha opción que vos permite impartir as vosas clases sen necesidade de cambiar os horarios. Espero que moitos e moitas de vós utilicedes as dúas

plataformas. En todo caso, solicítovos que durante estas vacacións vos comuniquedes co estudantado para indicarlle como vai poder seguir materia durante o tempo que resta. Lémbrovos que calquera cambio que fagades nos criterios de avaliación deberá coordinarse cos equipos decanais e directivos do voso centro e que cómpre comunicarllo ao estudantado. Pídvovos que non lle encarguedes traballo de máis ao voso estudantado, posto que ao pasármonos da docencia presencial á non presencial, adoitamos enviarlle maior cantidade de tarefas. É de supoñer que en moitas materias se substitúa a docencia presencial por actividades, pero solicítovos que os traballos sexan acaídos e ben medidos. Por suposto, se utilizades outras ferramentas, podedes seguir usándoas. Nese caso, teredes que llo comunicar ao voso centro para poder levar un certo control do que estamos a facer.

Recibimos un número elevado de queixas do estudantado nas que nos transmite que nalgunhas materias non se estar a facer nada, mentres que noutras existe unha carga de traballo excesiva a través de Faitic. Naquelas materias nas que se fai un uso ampliado de Faitic, temos datos para respostar e nas que se están impartindo mediante Campus Remoto tamén temos constancia. Non obstante, se estades a empregar outra plataforma externa, non sabemos que está ocorrendo e temos dificultades para saber se a reclamación é xusta ou non.

A terceira cuestión ten que ver precisamente cos **exames a distancia**. Se pasar da docencia presencial á non presencial está a ser un reto difícil, facer as probas por medios telemáticos serao aínda moito máis. Estamos a traballar en dúas solucións tecnolóxicas para efectuar exames a distancia, pero ambas presentan un custo de aprendizaxe elevado para o profesorado e unha delas tamén ten un importante custo económico. Ao longo do mes de maio informaremosvos, se é preciso, sobre as ferramentas que poremos ao voso dispor para realizar os exames virtuais. Neste momento unicamente quero transmitirvos que é unha posibilidade que está enriba da mesa.

Outros asuntos que tamén poden xerar problemas son as **prácticas** en empresa, os practicum, as prácticas hospitalarias e incluso as de laboratorio e de campo nas titulacións experimentais. No ámbito estatal estase traballando para ofrecer unha solución conxunta e pola nosa banda, estamos avaliando distintas posibilidades de solución.

Finalmente, sabedes que no eido da **investigación** tamén son tempos difíciles. Así e todo, podemos aproveitar este confinamento para reflexionar, revisar datos e escribir publicacións. A meirande parte dos proxectos están admitindo as prórrogas e na nosa universidade estamos estudando a aplicación do Real decreto lei 11/2020 de 31 de marzo que permite ampliar os contratos predoutorais durante o tempo de duración do estado de alarma para aquelas persoas que estiveran no derradeiro ano de contrato.

Ao longo da vindeira semana as universidades do SUG teremos **xuntanzas** coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e posiblemente fagamos algunha declaración conxunta para harmonizar as solucións no ámbito galego.

Sei que estades traballando arreo e aproveito a ocasión para **agradecervos o voso esforzo**. Nestes dous meses que restan o traballo vai ser moi intenso e deséxovos que o confinamento sexa o máis agradable posible e que poidamos todos e todas aproveitalo para dar o mellor.

Un cordial saúdo.

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor